




Situacións de aprendizaxe

# Fagamos da paz algo viral

**Formación Profesional (FP)**





**Fagamos da paz algo viral** é unha proposta educativa desenvolvida por © ONGD SED 2026. Este material está baixo licencia Creative Commons CC BY-NC-ND 4.0.

Elaborado por: comisión de ETCG de ONGD SED integrada por Ana Martín Bautista, Cristian Gómez Martín, Florencia Agustina Bulacio Vaira, Izaskun Adot Larumbe e Tania Díaz Basurdo, co apoio da coordinadora de proxectos, Ana Fernández Moya e Beatriz de la Banda Velázquez, membro da comisión permanente.

Revisión técnica por: Nuria Salvatierra Villada, Jesús Rojas Aguilar, Rocío Rodríguez Rueda, Esther Lechado Hurtado, Coral de la Camara García, Teresa Rodríguez Pérez de Ayala, Isabel de la Cruz Sierra, Agnola Soler Ortiz, Inmaculada LLacer Moreno Aurioles, M.<sup>a</sup> del Carmen Millán Herrera, equipo docente do Colexio Marista de Sevilla.

Deseños de: Zootropo Studio.

Maquetación por: Victoria Daima, responsábel de Comunicación de ONGD SED.

## SdA 1: “Fagamos da paz algo viral: Hackeando o odio”

### Conexión co ODS




Xustifícase a necesidade de promover sociedades pacíficas e inclusivas ante un panorama de 37 conflitos armados mundiais e un aumento do 22% na mortalidade civil.

### Contexto

Abordamos a "dixitalización da intolerancia" e a polarización en redes sociais que afecta ao 83% da mocidade española.

Fonte: [documento base da campaña “Fagamos da paz algo viral”](#)



### Obxectivos

As actividades recollidas nesta guía constitúen un conxunto de propostas para traballar os contidos da campaña. Non é necesario desenvolvesas na súa totalidade; o profesorado poderá seleccionar unha ou varias actividades e dinámicas en función do tempo dispoñible, a programación da aula e as características do seu alumnado. Os seus obxectivos son:

- Comprender que o conflito forma parte da convivencia, pero que a violencia non é a única forma de xestionalo: preténdese superar a idea de que todo conflito é necesariamente negativo e entendelo como unha posible oportunidade de transformación cando se aborda de maneira pacífica.
- Diferenciar entre paz negativa e paz positiva: o alumnado debe comprender que a paz non consiste unicamente en que non haxa guerra ou violencia visible, senón tamén en abordar as inxustizas, desigualdades e causas estruturais que xeran os conflitos.

- Desenvolver pensamento crítico ante os conflitos e as desigualdades globais: a actividade busca que o alumnado sexa capaz de analizar as causas profundas dos conflitos e non quedar unicamente na violencia visible ou nos titulares.
- Comprender como funcionan os algoritmos e as burbullas informativas: preténdese que a mocidade identifique como as redes sociais poden favorecer contidos que xeran indignación, medo ou confrontación, e que sexan capaces de recoñecer posibles nesgos e dinámicas de polarización.
- Recoñecer a relación entre violencia, desigualdade e discriminación: a proposta conecta os conflitos con factores como a desigualdade de xénero, a pobreza, a exclusión e outras formas de violencia estrutural.
- Aprender e practicar ferramentas concretas de Comunicación Non Violenta (CNV): o alumnado debe aprender a expresar feitos, sentimentos, necesidades e peticións sen recorrer á descualificación, ao insulto ou á violencia verbal.
- Desenvolver empatía e responsabilidade sobre o impacto das propias accións: un dos obxectivos máis importantes é que o alumnado reflexione sobre como os seus comentarios, silencios, “gústame”, comparticións ou participación en dinámicas de linchamento dixital poden afectar a outras persoas.
- Promover unha participación dixital máis ética, consciente e responsable: a actividade pretende que o alumnado non se limite a detectar o odio, senón que aprenda a responder de maneira firme, crítica e respectuosa, sen reproducir as mesmas dinámicas de confrontación que pretende combater.
- Capacitar ao alumnado para crear contranarrativas e contidos que promovan a paz: o produto final busca que os estudantes sexan capaces de elaborar mensaxes, infografías ou vídeos que desmonten prexuizos e discursos de odio desde a ética do coidado e a Comunicación Non Violenta.
- Favorecer o autocoñecemento e o autocontrol: a proposta pretende que cada estudante sexa máis consciente das súas propias reaccións, da influencia do grupo e da forma en que as súas decisións poden contribuír a xerar conflito ou, polo contrario, a construír convivencia.
- Reforzar a idea de que a paz tamén se constrúe nas accións cotiás: o obxectivo último é achegar a construción da paz á experiencia diaria do alumnado: como debate, como responde a unha provocación, como trata aos demais e como participa nos espazos dixitais e presenciais.

## Elementos curriculares

### Competencias clave:

- CCL (Competencia en Comunicación Lingüística): polo uso da Comunicación Non Violenta (CNV) e a contranarrativa dixital.
- CD (Competencia Dixital): identificación de nesgos de algoritmos e creación de contidos éticos en redes.
- CPSAA (Competencia Persoal, Social e de Aprender a Aprender): xestión pacífica de conflitos e autoavaliación do autocoidado.
- CC (Competencia Cidadá): comprensión do marco normativo e a realidade xeopolítica internacional.



### Saberes básicos



- **Bloque teórico:** paz positiva (presenza de xustiza social) vs. Paz negativa (mera ausencia de guerra). A "Lupa da transformación" de Johan Galtung e John Paul Lederach (análise das causas estruturais do conflito).
- **Bloque normativo:** marco constitucional español e a LOPIVI (Lei Orgánica de protección integral á infancia e á adolescencia fronte á violencia).
- **Bloque dixital e de xénero:** funcionamento das burbullas de filtro (algoritmos). Intersección entre a fenda de xénero e a vulnerabilidade ante os conflitos.

### Criterios de avaliación

- Capacidade do alumno para identificar nesgos algorítmicos e aplicar a Comunicación Non Violenta (CNV).

## Secuencia de actividades



Propoñémosvos varias sesións para poder traballar en días clave como a xornada SED, o Día Escolar da Non Violencia (30 de xaneiro), o Día de Internet Segura (09 de febreiro) ou outro momento do curso.

| Fase                 | Sesión                                                                                                                                  | Actividade Principal                                         |
|----------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------------------------|
| <b>Motivación</b>    | O conflito como motor: Debate guiado sobre a inherencia do conflito. Mapeo de crises actuais (Sudán, Haití).                            | Muro en formato físico/dixital de reflexións (ex. Padlet)    |
| <b>Investigación</b> | A máquina do odio: Análise de como os algoritmos premian a confrontación (+70% velocidade) e a súa relación coa desigualdade de xénero. | Informe breve ou mapa conceptual de "Burbullas informativas" |
| <b>Consolidación</b> | Ximnasio da Paz: Obradoiro práctico das 4 fases da CNV e estudo de casos reais da ONGD SED (Colombia/Honduras)                          | Xogo de rol (role-play) de Mediación entre Iguais            |
| <b>Aplicación</b>    | Hackers da Paz: Creación do produto final ("Vacinas dixitais": infografías, vídeos curtos éticos)                                       | Prototipo do contido dixital                                 |
| <b>Avaliación</b>    | Círculos de Diálogo: Coavaliación do impacto da campaña e autoavaliación                                                                | Portafolio dixital rematado                                  |

## Fase A: motivación e activación

### Obxectivo

Romper ideas preconcebidas sobre o conflito.

### Actividade

Debater a idea de que o conflito é inherente á vida e pode ser unha fonte de creatividade se se xestiona sen violencia. Analizar noticias sobre focos críticos como Sudán ou Haití e identificar:

- A violencia visible: Os tiroteos, as bandas, os tanques (Paz Negativa).
- A violencia invisible ou estrutural: A falta de escolas, o machismo, a pobreza, o control do ouro (O que hai que resolver para acadar a Paz Positiva).

### Recursos para a Fase A:

- Un ordenador por grupo coa listaxe de noticias país (ver a continuación). No caso de que non sexa posible, pódese utilizar un caso para todos os grupos e desde un proxector repasar as fontes antes de envorcar conclusións en cada ficha grupal (ver a continuación).
- Imprimir a ficha grupal de traballo.

### 1. Preguntas para o Debate Guiado: A inherencia do conflito

O obxectivo destas preguntas é romper ideas preconcebidas, pasando da idea de que o conflito é "malo por definición" a entendelo como unha oportunidade de transformación e creatividade se se xestiona sen violencia.

Podes lanzar as preguntas ao grupo grande ou dividindo a clase en pequenos grupos:

- Para romper o xeo: "Cando escoitades a palabra 'conflito', que é o primeiro que vos vén á mente? Por que tendemos a asociar conflito automaticamente con guerra ou violencia física?"

- Sobre a inevitabilidade: "Credes que é posible unha vida humana, unha parella ou unha sociedade onde xamais exista un conflito? Se o conflito é inherente á convivencia, o obxectivo da sociedade debe ser eliminar os conflitos ou aprender a convivir con eles?"
- O conflito como motor creativo: "Ocorreuselle algún avance social ou dereito histórico (ex. o voto feminino, a xornada laboral de 8 horas) que se teña acadado sen un conflito previo? Como pode o conflito converterse nunha fonte de creatividade?"
- Foco dixital (cara ao tema central): "Nas redes sociais, buscamos solucionar os conflitos ou simplemente 'gañar' as discusións? Que diferenza hai entre ter un conflito de ideas e exercer violencia verbal/cancelación en internet?"
- Pregunta de peche ético: "Se evitamos un conflito aceptando unha inxustiza para 'estar en paz', estamos a acadar unha paz real ou só unha falsa aparencia de paz? (Introdución ao concepto de Paz Positiva vs. Negativa - páxina 26 do documento base)"

## 2. Exemplos Concretos para o Mapeo de Crises (Sudán e Haití)

Para que o alumnado analice as noticias e "mapee" estas realidades, é fundamental darlles datos concretos que conecten cos saberes básicos: a "lupa de Lederach" (buscar as causas estruturais) e a relación entre conflitos e igualdade de xénero. A continuación preséntanse dous casos, Sudán e Haití, e unha serie de noticias para ler por grupos e identificar a violencia visible e a violencia invisible ou estrutural segundo cada caso.

## Caso 1: Sudán (África) – O conflito polo poder e os recursos

**Que está a pasar? (O detonante):** desde abril de 2023, o país sofre unha guerra civil brutal debida ao enfrontamento entre dous xenerais: o líder do exército oficial e o líder dun grupo paramilitar (as Forzas de Apoio Rápido - RSF). Ambos eran aliados, pero chocaron ao decidir como integrar aos paramilitares no exército do país.

### Causas estruturais (A Lupa de Lederach):

- Económica: Disputa polo control dos recursos clave do país, especialmente as minas de ouro e as rutas de contrabando.
- Histórica: Décadas de ditaduras militares que non permitiron crear institucións democráticas nin unha sociedade civil forte.
- Conexión de xénero: Sudán é un exemplo trágico de como as crises se ceban coas mulleres. As organizacións internacionais denuncian o uso da violencia sexual como "arma de guerra" estratéxica por parte das milicias, e as mulleres representan a inmensa maioría da poboación desprazada que sofre fame extrema nos campos de refuxiados.

| Título                                                                                                                                                            | Medio / Organización   | Que aporta para comprender o contexto                                                                |
|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|------------------------|------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| <a href="#"><u>O meu nome é Reem</u></a>                                                                                                                          | ONGD SED e FMSI        | Estado de situación da infancia, con especial enfoque sobre o dereito á educación.                   |
| <a href="#"><u>Sudán: Os países de ingresos altos deben aproveitar a reunión de Berlín para salvar vidas cando o conflito cumpre o seu terceiro ano</u></a>       | Amnistía Internacional | Consecuencias do conflito sobre as mulleres.                                                         |
| <a href="#"><u>Sudán, tres anos despois: unha guerra sen regras que levou ao colapso sistemático do país</u></a>                                                  | Nacións Unidas (ONU)   | Contextualización xeral.                                                                             |
| <a href="#"><u>Como afecta a guerra ás mulleres e nenas? Unha breve guía sobre o xénero e os conflitos</u></a>                                                    | ONU Mulleres           | Consecuencias do conflito sobre as mulleres (Unha ollada xeral).                                     |
| <a href="#"><u>Sudán do Sur: O aumento da violencia e os desprazamentos en Jonglei pon en grave risco a centos de miles de persoas, advirte ACNUR   ACNUR</u></a> | ACNUR                  | Consecuencias do conflito sobre a poboación sudanesa, con especial enfoque no desprazamento forzado. |

## Caso 2: Haití (América) – O colapso institucional e o control das bandas

**Que está a pasar? (O detonante):** Tras o asasinato do seu presidente en 2021, o Estado haitiano colapsou case por completo. Actualmente, non hai autoridades democráticas electas e as bandas criminais armadas controlan máis do 80% da capital (Porto Príncipe), paralizando hospitais, escolas e portos.

### Causas estruturais (A Lupa de Lederach):

- Xeopolítica e Histórica: Unha débeda histórica asfixiante imposta tras a súa independencia (por ser a primeira república de escravos libre) e constantes intervencións estranxeiras erradas que debilitaron a súa soberanía.
- Social: Niveis de pobreza extrema e falta absoluta de oportunidades para a mocidade, o que converte ás bandas na única vía de escape ou supervivencia económica.
- Conexión de xénero: Nun país cun índice de igualdade de xénero sumamente baixo, as nenas e mulleres en Haití sofren un control territorial absoluto por parte das bandas. A falta dun sistema xudicial real (impunidade) fai que as mulleres queden desprotexidas ante secuestros e extorsións cotiás, limitando por completo a súa liberdade de movemento para ir traballar ou estudar.

| Título                                                                                                         | Medio / Organización   | Que aporta para comprender o contexto                                 |
|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------|------------------------|-----------------------------------------------------------------------|
| <a href="#"><u>En Haití, o número de nenos e nenas desprazados case se duplicou no último ano</u></a>          | UNICEF                 | Estado de situación da infancia con enfoque no desprazamento forzado. |
| <a href="#"><u>Violencia sexual e baseada en xénero en Porto Príncipe (Haití)</u></a>                          | Médicos Sen Fronteiras | Violencia cara a nenas e mulleres (páxinas 8-13).                     |
| <a href="#"><u>Como afecta a guerra ás mulleres e nenas? Unha breve guía sobre o xénero e os conflitos</u></a> | ONU Mulleres           | Impacto do conflito armado sobre as mulleres.                         |

Ficha grupal de traballo

# MIGRACIÓN DEMOCRACIA POBREZA

Violencia visible

Violencia invisible ou estrutural

## Fase B: Investigación e análise (descubrimento)

### Obxectivo

Comprender as estruturas que xeran odio.

### Actividade

Investigar como os algoritmos de redes sociais premian o contido conflictivo (compartíndose un 70% máis rápido) e crean "burbullas informativas". Estudar por que o 79% dos conflitos ocorren en países con baixa igualdade de xénero.

Fonte: Documento base da campaña "Fagamos da paz algo viral" (Páxinas 5 e 19-20)

### Actividade "A Máquina do Odio" (Algoritmos e Burbullas de Filtro)


1. Dinámica de Activación: O experimento do clon (10 min): Reflexión: por que cada usuario/a de Instagram, por exemplo, ten contido totalmente diferente no seu feed? Introduce o concepto de algoritmo de recomendación e burbulla informativa.
2. Núcleo Teórico-Práctico: Por que o odio é rendible? (25 min): Organiza á clase en equipos de investigación. Deben analizar o seguinte dato clave: "O contido conflictivo compártese un 70% máis rápido en redes sociais".

O mecanismo técnico: Explica de forma sinxela que as plataformas buscan reter a nosa atención (engagement). As emocións que máis retención logran son a indignación, o medo e a rabia. O algoritmo non ten moral nin ética: se un contido xera comentarios e interaccións, compárteo segundo os intereses dos usuarios/as, sen importar se prexudica a determinado colectivo ou parte da sociedade, se promove emocións negativas na potencial audiencia ou aínda peor, se o contido é real ou é falso. Por que o contido que máis prolifera é o que xera máis indignación? Porque actualmente as persoas usuarias son propensas a comentar algo que dá rabia antes ca algo que lles faga sentir ben. A conduta dos e das prosumidores fai que o algoritmo premie os contidos que indignan.

- Análise de nesgos: reparte capturas de pantalla de publicacións reais (ou simuladas) con discursos de odio ou desinformación. Os alumnos deben identificar que estratexias se usan para "enganchar": usa titulares alarmistas?, busca culpables?, deshumaniza a un colectivo?

### 3. Produto da sesión (15 min)

Entregable: cada equipo crea un breve esquema ou mapa visual que explique "O ciclo do clickbait de odio" (Estímulo indignante - Interacción do usuario - Premio do algoritmo - viralización).



### Discurso de odio ou fake news?

SHARE

*Non parecen persoas que teñan escapado dunha guerra.*



*Cada vez que aparece unha noticia sobre roubos, resulta que pertencen sempre ao mesmo grupo. Ata cando vamos seguir finxindo que non pasa nada? Hai colectivos incompatibles coa nosa forma de vivir.*



*Os medios só amosan unha parte da guerra porque queren manipularnos.*



*Cada vez que organizan actividades no instituto para falar de diversidade, os estudantes saen peor preparados. En vez de ensinar materias importantes, só queren impoñer unha forma de pensar.*



*Os refuxiados veñen porque viven mellor aquí ca no seu país.*



*Ese equipo ten xogadores moi bos, pero moitos deles non son realmente dese país.*



*Ese vídeo demostra o que realmente pasou. Comparte antes de que eliminen a publicación!*



*Os refuxiados son un risco para a nosa seguridade.*



*Xa non se pode dicir nada porque axiña se ofenden. Algúns colectivos teñen máis dereitos ca o resto. Son os verdadeiros privilexiados.*



**Ficha guía para o/a docente:**

SHARE

**Análise do caso 1 (ambos):**

**Discurso falso:** supón que unha persoa refuxiada debe ter un aspecto determinado.

**Discurso de odio:** estigmatización e invisibilización da gravidade do conflito e as consecuencias sobre a poboación.

**Análise do caso 2 (ambos):**

**Discurso falso:** usa "sempre" sen evidencias. Presenta unha opinión como se fose un feito.

**Discurso de odio:** relaciona delincuencia con identidade. Incita á rabia e indignación. Produce fragmentación.

**Análise do caso 3 (discurso falso):**

desconfianza absoluta cara a toda a prensa. Se ben historicamente existen casos de noticias falsas / medios ao servizo do clickbait e primicias, isto non significa que poida xeneralizarse cara á profesión e/ou o papel dos medios nunha sociedade democrática. Convida a rexeitar calquera información verificada.

**Análise do caso 4:**

**Discurso falso:** presenta unha opinión como se fose unha verdade absoluta.

**Discurso de odio:** xera rexeitamento cara a unha parte da sociedade e convida á indignación. Plantexa un falso dilema ("ou diversidade ou educación").

**Análise do caso 5 (discurso falso):**

simplificación das causas do desprazamento. Invisibiliza guerras, persecucións ou violacións de dereitos humanos.

**Análise do caso 6 (discurso de odio):**

Estigmatización das persoas, incita á discriminación.

**Análise do caso 7 (discurso falso):** un vídeo illado pode estar descontextualizado. Non cita ningunha fonte. Linguaxe alarmista. Chamada inmediata a compartir.

**Análise do caso 8 (discurso de odio):** incita ao medo, deshumaniza.

**Análise do caso 9 (discurso de odio):**

presenta a un grupo como ameaza. Victimiza ao emisor. Busca indignación.

| Ficha de análise | Discurso de odio,<br>fake news ou<br>ambos? | Que busca xerar? | A través de que<br>elementos? | Que<br>consecuencias<br>tería compartir<br>esta mensaxe? |
|------------------|---------------------------------------------|------------------|-------------------------------|----------------------------------------------------------|
| Caso 1           |                                             |                  |                               |                                                          |
| Caso 2           |                                             |                  |                               |                                                          |
| Caso 3           |                                             |                  |                               |                                                          |
| Caso 4           |                                             |                  |                               |                                                          |
| Caso 5           |                                             |                  |                               |                                                          |
| Caso 6           |                                             |                  |                               |                                                          |
| Caso 7           |                                             |                  |                               |                                                          |
| Caso 8           |                                             |                  |                               |                                                          |
| Caso 9           |                                             |                  |                               |                                                          |

### Sesión 3: O algoritmo invisible (Xénero, Datos e Conflitos)

Nesta sesión conectamos a enxeñaría das redes sociais coa crúa realidade xeopolítica e social, analizando por que o 79% dos conflitos ocorren en países con baixa igualdade de xénero.

#### 1. Dinámica de Análise: Datos cruzados (20 min)


Presenta ao alumnado:

##### a) Países con maior índice de conflitos armados ou violencia social:

### Countries where armed conflicts took place, 2025

Our World  
in Data

Included are armed conflicts<sup>1</sup> that caused at least one death in the country that year.



Data source: Uppsala Conflict Data Program (2026); geoBoundaries (2023)

OurWorldinData.org/war-and-peace | CC BY

Note: Current country borders are used across time.


**1. Armed conflict (UCDP and PRIO)** A disagreement between organized groups, or between one organized group and civilians, that causes at least 25 deaths during a year. This includes combatant and civilian deaths due to fighting, but excludes deaths due to disease and starvation resulting from the conflict.

**b) Países con menor índice de desenvolvemento das mulleres (fenda de xénero):**

## Gender Inequality Index, 2023

Our World  
in Data

This index covers three dimensions: reproductive health, empowerment, and economic status. Scores are between 0-1 and higher values indicate higher inequalities.



Data source: UNDP, Human Development Report (2025)

OurWorldinData.org/economic-inequality-by-gender | CC BY

Fonte de datos: PNUD, Informe sobre Desenvolvemento Humano (2025) – Consultado en:  
<https://ourworldindata.org/war-and-peace#all-charts>

### Preguntas de investigación para os equipos:


- Por que credes que coinciden case de forma exacta os países en conflito con aqueles onde as mulleres teñen menos dereitos?
- Como afecta a "cultura da cancelación" ou o discurso de odio dixital de forma diferente a homes e a mulleres? (Introduce o concepto de violencia estética ou acoso selectivo en redes).

## 2. Debate e Conclusión: Hackeando o nesgo (20 min)

- Reflexión guiada: se os algoritmos das redes sociais están deseñados por empresas de países occidentais, como inflúen eses nesgos algorítmicos na percepción que temos dos conflitos no Sur Global (como Sudán ou Haití)? Amósannos a realidade ou só o estereotipo que xera máis interaccións morbosas?
- Conecta esta análise co marco normativo (por exemplo, o dereito á igualdade e á non discriminación da Constitución ou os principios de bo trato da LOPIVI).

## 3. Evidencia de Aprendizaxe (10 min)

De forma individual ou por parellas, o alumnado redacta unha conclusión dun parágrafo no seu caderno dixital ou de forma analóxica nos seus cadernos, respondendo á pregunta: Como se alimentan mutuamente o odio dixital e a violencia estrutural no mundo real?



## Fase C: consolidación e adestramento (caixa de ferramentas)

**Obxectivo:** practicar habilidades de paz (Comunicación Non Violenta).

### Sesión 4: O Ximnasio da CNV (Comunicación Non Violenta)

O modelo de Marshall Rosenberg (CNV) baséase en separar a avaliación do feito e expresar o que nos pasa de forma limpa.

#### 1. Dinámica de Activación: "O Tradutor do Odio" (10 min)

Proxecta no encerado un comentario hostil típico de redes sociais (ex. "Es un ignorante de merda, non tes nin idea do que pasa no mundo, cala a boca").

Reto: Pregunta á clase: Que necesidade insatisfeita credes que hai detrás desa rabia? Explica que detrás de todo discurso de odio adoita haber medo, frustración ou necesidade de pertenza.

#### 2. Núcleo Práctico: os catro pasos da CNV (25 min)


**Explica os catro compoñentes esenciais que o alumnado debe adestrar:**

- Observación: describir os feitos puros e obxectivos, sen emitir xuízos nin etiquetas (ex. "Vín que respondiches ao meu comentario usando maiúsculas e palabras despectivas").
- Sentimento: expresar como nos fai sentir esa acción desde o "eu", sen culpar ao outro (ex. "Síntome frustrado e atacado").
- Necesidade: identificar a necesidade humana universal que non está cuberta (ex. "Porque preciso que nos comuniquemos con respecto e seguridade").
- Petición: formular unha acción concreta, viable e en positivo (ex. "Estarías disposto a debater sobre o dato do artigo sen usar insultos?").

Traballo en equipos: reparte "tarxetas de comentarios tóxicos" extraídas de redes sociais. Cada grupo debe reescribir a resposta aplicando estritamente a fórmula dos 4 pasos.

#### 3. Evidencia / Produto da sesión (15 min)

Entregable: cada alumno publica no seu portafolio dixital ou redacta na seguinte plantilla unha "fórmula de contranarrativa" utilizando a estrutura: "Cando vexo... síntome... porque preciso... así que che pido".



## Modelo de Comunicación Non Violenta



**Ao momento de enfrontarte a un discurso de odio, debes deterte e pensar:**

Que quere dicir este contido? É información ou é opinión? Esta mensaxe ataca ou estigmatiza a unha persoa ou grupo de persoas?



**Non te quedes só cunha mirada, busca outras fontes:**

De onde vén a mensaxe? Teño toda a información ou o contido está editado e só se amosa unha parte do relato? Existen outras opinións ao respecto?



**Non compartas odio, viraliza mensaxes de paz:**

Que contidos me interesan e aportan unha mirada positiva e crítica do mundo? Que mensaxes podo construír para dar a coñecer a miña opinión, respectando a da outra persoa?

Como **participantes activos/as no contorno dixital e no mundo real**, ante unha mensaxe de odio debemos:

**1** Describir o que ocorre (sen vulgar) e expresar como me fai sentir.

**2** Identificar que é importante: o respecto, a igualdade, os dereitos de todos e todas, a diversidade de voces, o diálogo.

**3** Propor alternativas e/ou peticións que promovan o respecto, unha convivencia pacífica, a diversidade de voces ante un mesmo tema e contornas inclusivas e seguras para todas as persoas.

## Sesión 5: Simulacros de Mediación (O espello da ONGD SED)

Nesta sesión pasamos da teoría á práctica internacional e comunitaria, analizando como a ONGD SED traballa a paz en territorios con conflitos históricos complexos como Colombia ou Honduras: **Genially ONGD SED**.

### 1. Presentación de Casos de Estudo (15 min)

**Divide a clase en dous grandes bloques e asígnalles un contexto real para analizar a "paz na práctica":**

- Contexto A (Colombia): procesos de reconciliación comunitaria e restauración do tecido social tras décadas de conflito armado interno. Enfoque en como os mozos se organizan para crear espazos de diálogo seguros. Referencia: para o contexto A suxírese consultar a ferramenta dixital **Rutas del conflicto** na sección de **La paz en el terreno**.
- Contexto B (Honduras): experiencias de construción de paz a través da arte, a cultura e a educación para a prevención da violencia urbana e xuvenil fronte ao control territorial das maras ou bandas. Referencia: para o contexto B suxírese consultar o **blog de Naciones Unidas** en Honduras e o artigo da **Secretaría de Educación do Goberno da República de Honduras**.

### 2. Dinámica de Role-Play: Mediación entre Iguais (25 min)

A presente actividade aborda situacións relacionadas co acoso, a exclusión social, a discriminación e outras formas de violencia que poden resultar próximas ás experiencias persoais do alumnado. Por este motivo, recoméndase ao profesorado valorar previamente as características e circunstancias do grupo antes de desenvolver a dinámica. É posible que algúns participantes teñan vivido, estean a vivir ou coñezan situacións similares ás plantexadas na actividade. Nestes casos, aconséllase xerar un clima de confianza, respecto e coidado mutuo, evitando expoñer experiencias persoais de forma involuntaria e garantindo que a participación sexa sempre voluntaria.

## Fase D: aplicación e produto final

**Obxectivo:** incidencia social.

### Actividade: Crear contidos no marco da campaña "Fagamos da paz algo viral"

O alumnado debe producir contidos dixitais (vídeos, fíos, infografías) que utilicen a "ética do coidado" para contrarrestar o discurso de odio e a cultura da cancelación.

**Obxectivo:** producir contidos dixitais que utilicen a "ética do coidado" como contranarrativa para frear a polarización, o discurso de odio e a cultura da cancelación nas redes sociais.

**Metodoloxía:** Aprendizaxe Baseada en Proxectos (ABP) e traballo cooperativo (roles de axencia de comunicación: guionista, deseñador/editor, documentalista, voceiro).

#### 1. Elección da temática e a "Lupa de Lederach"

Os equipos elixen unha temática concreta sobre a que adoita verterse o odio ou a desinformación en redes (ex. racismo/migración, transfobia/LGTBIfobia, gordofobia, ou a estigmatización da mocidade). Utilizando a "lupa da transformación" de Lederach, deben identificar:

- A superficie: Que insultos ou dinámicas de cancelación se ven nas pantallas?
- A raíz estrutural: Que medos, prexuízos ou nesgos algorítmicos alimentan ese odio?

#### 2. Aplicación da "Ética do Coidado"

Antes de deseñar, o equipo debe redactar o "Manifesto de Coidado" do seu contido. Para cumprir con este enfoque, o guión da súa publicación debe cumprir tres regras estritas:

- Humanizar, non sinalar: non se ataca nin se cancela ás persoas que iniciaron o odio; desmóntase o argumento de forma estrutural.
- Validar a vulnerabilidade: amosar como afecta ese discurso a persoas reais (fomentando a empatía).
- Ofrecer saída: a mensaxe non debe ser de confrontación ("somos mellores ca eles"), senón de convite á reflexión comunitaria ("coidarnos en redes é coidarnos na vida real").

### 3. Producción no formato elixido

Seguindo as pautas do DÚA, cada equipo elixe o formato onde mellor destaquen as súas habilidades:

- Opción A (Os Fíos da Paz): un fío argumental detallado (para plataformas como X ou Threads) que use datos contrastados e infografías para desmontar un bulo de odio de forma rigurosa e serena.
- Opción B (vídeo de concienciación): un vídeo de 1 minuto en formato vertical onde se escenifique un proceso de exclusión/cancelación dixital e se amose como romper a cadea mediante o apoio mutuo (mediación virtual).
- Opción C (Infografía de Impacto): unha peza visual en Canva ou Genially que resuma o impacto psicolóxico do odio na mocidade (conectando co dato do 83% dos mozos afectados) e achegue pautas para navegar de forma segura.

#### Actividade: “As vacinas dixitais”

**Vídeos curtos ou infografías que utilicen a Comunicación Non Violenta (CNV) para responder a comentarios hostís en redes sociais.**

**Obxectivo:** crear pezas de contido breves e directas que sirvan como "antídoto" inmediato ante comentarios hostís reais, utilizando de forma estricta os 4 pasos da Comunicación Non Violenta (CNV).

**Formato:** vídeos curtos (TikTok/Reels) ou microinfografías (formato sticker ou post cadrado).

#### 1. O "banco de toxinas"

O/A docente facilita ao alumnado comentarios hostís, "troleos" ou ataques verbais reais.

#### 2. O Laboratorio da Vacina (Aplicación da CNV)

O alumnado debe aplicar a fórmula matemática da CNV (Marshall Rosenberg) para desactivar a hostilidade do comentario. Nos seus equipos, traducen a agresión enchendo a plantilla dos 4 compoñentes.

**Ficha modelo guiada:**



| Casos                                                                                                                                           | Que vexo? (Feito) Como me fai sentir iso que vexo? (Emoción) | Que preciso? | Que podo pedir? Como o vou pedir? (Infografía, vídeo, etc.) |
|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------------------------|--------------|-------------------------------------------------------------|
| "Vaia panda de folgazáns e ignorantes! Non tedes nin idea do que é traballar, só sabedes queixarvos en internet. Xeración de cristal de merda." |                                                              |              |                                                             |
| "Vistes a foto que subiron? Dá moitísima vergoña. En serio, alguén debería dicirlles que deixen de facer o ridículo."                           |                                                              |              |                                                             |
| "Cancelación xa! Que aprendan que aquí non os queremos"                                                                                         |                                                              |              |                                                             |
| "Non vos fiedes. Compartide isto para que todo o mundo saiba como son."                                                                         |                                                              |              |                                                             |

- Observación (Feitos obxectivos, sen xulgar): "Cando leo comentarios que usan etiquetas como 'xeración de cristal de merda' e insultos..."
- Sentimento (Desde o 'eu'): "...síntome frustrado/a e pouco escoitado/a..."
- Necesidade (Humana e universal): "...porque preciso que cando falemos sobre o futuro laboral da mocidade o fagamos desde o respecto mutuo e valorando o noso esforzo..."
- Petición (Acción concreta e en positivo): "...así que che propoño debater con datos concretos de desemprego xuvenil en lugar de descualificacións. Que che parece?"

### 3. Gravación ou deseño do "antídoto"

Unha vez redactada a fórmula, o alumnado crea o produto final:

- Se elixen vídeo curto (TikTok/Reels): gravan un vídeo utilizando a función de "pantalla verde" ou "dúo". Detrás deles aparece o comentario hostil distorsionado/anonimizado e o alumno, mirando a cámara con ton sereno, asertivo e firme, recita a "vacina" de CNV que redactaron. O contraste entre a agresividade do texto escrito e a paz/firmeza do vídeo xera un gran impacto visual e pedagóxico.
- Se elixen infografía/sticker: deseñan unha tarxeta visual moi potente e estética co texto da CNV redactado de forma limpa e moderna. O obxectivo ideal é que estas microinfografías poidan ser usadas de forma real como resposta en fíos de comentarios onde se estea a producir un linchamento dixital.

### 4. Medidas de atención á diversidade

O deseño desta Situación de Aprendizaxe fundaméntase nun enfoque inclusivo de "bo trato" e "contorna segura", onde o erro non se penaliza, senón que se xestiona de forma construtiva como parte natural do proceso de aprendizaxe. Ao tratar temas de alta sensibilidade (como o discurso de odio, o acoso dixital ou os conflitos xeopolíticos), priorízase a andamiaxe afectiva e cognitiva para garantir que todo o alumnado se sinta protexido e celebrado na súa singularidade.

Para dar resposta á diversidade da aula de Formación Profesional de forma sistemática, aplícanse as seguintes medidas baseadas nas pautas DÚA:

#### A. Múltiples formas de implicación

- Optimización da relevancia e o valor: conectar os contidos teóricos da paz positiva e a CNV directamente coas súas vivencias dixitais cotiás (redes sociais), o que incrementa o interese intrínseco do alumnado.

- Fomento da colaboración e a comunidade: as actividades de debate, os simulacros de mediación e a creación de campañas organízanse mediante aprendizaxe cooperativa con roles definidos. Isto permite que o alumnado con dificultades de interacción social (ex. alumnado con TEA ou timidez extrema) participe desde un rol adaptado ás súas fortalezas (como o de analista de datos ou deseñador gráfico).
- Contorna segura ante o erro: durante os obradoiros de Comunicación Non Violenta (CNV) e as simulacións de mediación, establécese a norma explícita de que "equivocarse na fórmula é o primeiro paso para aprendela". A aula convértese nun laboratorio libre de xuízos.

### B. Múltiples formas de representación

Flexibilidade no formato da información: para a análise dos conflitos internacionais (Sudán, Haití, Colombia, Honduras) e o marco normativo (Constitución, LOPIVI), a información non se limita a textos escritos tradicionais. Facilítanse soportes alternativos como:


- Gráficos interactivos e mapamundis visuais (para os nesgos e datos de xénero).
- Pílulas de vídeo e podcasts (para o contexto xeopolítico).
- Transcricións de lectura doada e organizadores visuais para guiar o modelo dos 4 pasos da CNV.
- Uso de referentes diversos como andamiaxe: introdúcese o estudo de figuras históricas e contemporáneas con realidades culturais, xeográficas e de capacidades moi diversas (como Malala Yousafzai ou Nelson Mandela). Estes referentes demostran de forma tanxible que a construción da paz non é un concepto teórico elitista, senón un compromiso social accesible e realizable por calquera persoa, independentemente da súa orixe ou punto de partida.





## Malala Yousafzai: A paz desde a mocidade, a identidade e a vulnerabilidade

- Enfoque inclusivo: o alumnado adoita percibir os grandes logros históricos como algo afastado. Malala personifica como unha adolescente, nun contexto de opresión extrema, sen recursos institucionais e sufrindo unha agresión física directa, ergue a súa voz utilizando a palabra como única ferramenta.
- Aplicación na aula: analízase o seu discurso ante a ONU. Utilízase para empoderar ao alumnado, demostrando que a idade, o xénero ou a procedencia xeográfica non son barreiras para exercer unha cidadanía activa. Conecta directamente coa idea das "Vacinas dixitais": responder con firmeza e paz fronte á hostilidade e a violencia.



## Nelson Mandela: A paz desde a resiliencia e a xustiza restaurativa

- Enfoque inclusivo: Mandela ilustra a transformación do conflito ao longo de toda unha vida, demostrando que a paz non é a ausencia de tensións (paz negativa), senón a procura activa da xustiza e a reconciliación (paz positiva). A súa figura é clave para traballar con alumnos que confunden "mediación" con "debilidade" ou "submisión".
- Aplicación na aula: estúdase a súa política de reconciliación tras 27 anos de prisión, analizando como priorizou o diálogo e a reparación comunitaria en lugar da vinganza ou a cancelación do opresor. Isto serve como ancoraxe teórica para a "ética do coidado" na campaña do alumnado: aprender a desmontar o racismo e a segregación sen xerar novos discursos de odio ou dinámicas de exclusión.
- Con esta aproximación, o estudo dos referentes non é unha simple lectura de comprensión, senón unha estratexia de estada (andamiame) motivacional que demostra ao alumnado que calquera persoa, desde a súa propia realidade e diversidade, pode ser un axente activo de transformación pacífica.

### C. Múltiples formas de acción e expresión

Variedade nos produtos de avaliación: No deseño da campaña "Fagamos da paz algo viral" e as "Vacinas dixitais", rómprese o monopolio do exame escrito ou a exposición oral ríxida. O alumnado pode elixir como expresar o aprendido segundo as súas capacidades e talentos:

- Expresión escrita: redacción de fíos argumentais en redes de texto.
- Expresión visual/artística: deseño de infografías, carteis ou recursos dixitais dinámicos.
- Expresión audiovisual e cinestésica: gravación de vídeos curtos (TikTok/Reels) ou dramatización na aula.
- Apoios graduados (andamiaxe): para os e as alumnas que presenten dificultades na estruturación lingüística, proporciónanse plantillas con estruturas gramaticais preestablecidas para a CNV ("Cando vexo [feito]... síntome [emoción]...").

### D. Medidas específicas de adaptación

- Para alumnado con Altas Capacidades Intelectuais: propóraselles liderar a investigación técnica dos algoritmos de recomendación, profundando en como a intelixencia artificial e o machine learning modelan o comportamento social moderno.
- Para alumnado con TDAH ou dificultades de atención: frágmentanse as tarefas complexas da secuencia didáctica en micropasos con metas a curto prazo (ex. "Paso 1: elixir o comentario; Paso 2: detectar o feito; Paso 3: redactar a emoción"). As sesións alternan momentos de debate activo con traballo técnico en dispositivos para manter os niveis de estimulación.

## 5. Avaliación

A avaliación desta actividade non se centra unicamente na adquisición de coñecementos, senón especialmente na capacidade do alumnado para reflexionar sobre o seu propio comportamento, recoñecer a influencia do grupo nas súas decisións e tomar conciencia das consecuencias que as súas accións poden ter sobre outras persoas. Búscase favorecer o autoconhecimento, o pensamento crítico e a responsabilidade persoal, promovendo unha participación máis consciente, empática e respectuosa tanto nas contornas presenciais como dixitais.

### 5.1. Instrumentos de Avaliación e Cualificación

A cualificación global da SdA desglósase en tres grandes bloques que combinan a heteroavaliación 40% (docente), a coavaliación 30% (entre iguais) e a autoavaliación 30% (individual).

#### 5.1.1. Avaliación (Portafolio Dixital da Campaña)

O portafolio dixital (aloxado en ferramentas como Google Sites, Padlet ou o caderno dixital do alumno) é a evidencia do progreso continuo. Non só recompila os produtos finais ("Vacinas dixitais" e infografías/vídeos), senón tamén as fases previas de investigación (mapas de conflitos de Sudán/Haití, a análise do ciclo do algoritmo de odio e os borradores da CNV).

*Rúbrica de avaliación:*

| Criterio de Avaliación / Competencia                    | Insuficiente (1-4)                                                                                | En Proceso (5-6)                                                                                        | Avanzado (7-8)                                                                                        | Excelente (9-10)                                                                                                       |
|---------------------------------------------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------|-------------------------------------------------------------------------------------------------------|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| <b>Rigor na Análise Estructural (Lupa de Lederach)</b>  | Limítase a describir a violencia visible sen analizar causas subxacentes nin datos xeopolíticos.  | Identifica algún factor económico ou social dos conflitos, pero de maneira superficial ou inconexa.     | Analiza con claridade as raíces estruturais (recursos, fenda de xénero) baseándose en fontes fiables. | Vincula de forma excelente a desinformación dixital coa violencia estrutural e os datos de desigualdade global.        |
| <b>Eficacia do Impacto Dixital e Contranarrativa</b>    | O contido creado pode xerar máis confusión, é plano ou reproduce dinámicas de confrontación.      | A mensaxe é pacífica, pero carece de forza visual ou argumental para contrarrestar un discurso de odio. | A peza é atractiva, desmonta un prexuízo con datos e ofrece alternativas construtivas de debate.      | Gran potencial de viralización positiva; usa un deseño impecable que neutraliza de inmediato a cultura da cancelación. |
| <b>Uso de Ferramentas Tecnolóxicas e Accesibilidade</b> | Formatos ríxidos, con problemas de deseño ou redacción que dificultan por completo a comprensión. | Usa a tecnoloxía de forma básica sen aproveitar opcións multimedia nin criterios mínimos DÚA.           | O produto é esteticamente limpo, utiliza recursos audiovisuais e respecta a diversidade do público.   | Dominio excelente das linguaxes dixitais (vídeo/infografía); estrutura totalmente accesible e inclusiva.               |

### 5.1.2. Coavaliación entre Iguais: Círculos de Diálogo

Durante a última sesión, as "Vacinas dixitais" e os contidos da campaña expóñense nun formato de Círculo de Diálogo. Este espazo horizontal permite que o alumnado avalíe o traballo dos seus compañeiros de forma construtiva, utilizando unha rúbrica de coavaliación centrada na asertividade e o respecto mutuo.

#### Rúbrica de Coavaliación para os Círculos de Diálogo

Cada equipo avalía a outro grupo utilizando o seguinte modelo, promovendo o feedback positivo:

| Dimensión a Avaliar          | Nivel Baixo                                                                                      | Nivel Medio                                                                                   | Nivel Alto                                                                                                          |
|------------------------------|--------------------------------------------------------------------------------------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| <b>Aplicación da CNV</b>     | Non se aprecian os 4 pasos da Comunicación Non Violenta. A resposta é reactiva ou punitiva.      | Identifícanse a observación e o sentimento, pero a petición final non é clara ou é imprecisa. | Aplica a fórmula completa (Feitos, Emoción, Necesidade, Petición) de forma totalmente asertiva e pacífica.          |
| <b>Enfoque de "Bo Trato"</b> | O ton do contido xulga, etiqueta ou cancela á persoa que emitiu o comentario hostil.             | O ton é correcto, pero céntrase só en defenderse en lugar de coidar a contorna virtual común. | Desmonta o argumento con firmeza e calma, coidando a dignidade de todas as persoas implicadas no fío.               |
| <b>Aportación Crítica</b>    | Non xera ningunha reflexión nova; é un contido predicible que non aporta valor ao debate social. | Convida á reflexión de forma tímida ou recorrendo a tópicos pouco profundos sobre a paz.      | Rompe a "burbulla de filtro" e obriga ao espectador a cuestionar de maneira activa os seus propios nesgos en redes. |

### 5.1.3. Autoavaliación

Como peche indispensable da SdA, e en consonancia coa "ética do coidado", cada estudante realiza de forma individual un diario de aprendizaxe no seu portafolio. Esta autoavaliación fuxe dos estándares mecánicos e sitúa ao alumno fronte á súa propia responsabilidade dixital e interpersoal.

A reflexión obrigatoria articúlase arredor do seguinte eixo condutor:

“Axuda esta actividade a coidarnos mellor a nós mesmos e aos demais nas contornas que habitamos cotiamente?”

#### Guión de autoavaliación para o alumnado:

Para facilitar a profundidade da resposta, o alumno debe desenvolver a súa redacción contestando a estes indicadores:

- Autocoidado: Cando navego polas redes sociais e consumo ou participo en debates tensos, sei identificar o momento en que me afecta emocionalmente? Que ferramentas de contención (físicas ou emocionais) descubrín nesta SdA para protexer a miña propia saúde mental fronte á toxicidade dixital?
- Coidado do Outro: Fun consciente algunha vez de ter participado (por acción ou por omisión ao dar "like" ou compartir) nun linchamento dixital ou cultura da cancelación? Como cambia a miña forma de comentar a partir de coñecer o modelo da Comunicación Non Violenta?
- Compromiso Comunitario: Entendo agora a paz non como algo utópico que asinan os gobernos na ONU, senón como unha práctica diaria accesible para min (seguindo os exemplos de Malala ou Mandela) cada vez que decido non contestar con odio a unha provocación en internet?

## Gustaríache compartir os resultados da aula?

Envíanos o material (fotos, vídeos e resumo da actividade)  
a [comunicacion@sedongd.org](mailto:comunicacion@sedongd.org).

*Dende ONGD SED, publicaremos os traballos nos nosos canles só co obxectivo de  
**facer viral a paz e facer visible o impacto da campaña.***

## Avalía o material!

Envíanos a túa opinión a través del seguinte [\*\*formulario\*\*](#).

*Dende a ONGD SED, trataremos os  
datos só co fin de avaliar o impacto  
da campaña, identificar e valorar as  
posibilidades de mellora para  
futuras accións.*

